

Descrición	Código
Edificacións .....	ED
Forestal .....	FO
Froiteira .....	FY
Froiteira de casca .....	FS
Horta .....	TH
Improdutivos .....	IM
Invernadoiros e cultivos baixo plástico .....	IV
Illas .....	IS
Oliveiral .....	OV
Pasteiro .....	PS
Pasto arbustivo .....	PR
Pasto con arboredo .....	PA
Terra arable .....	TA
Viais .....	CA
Viñedo .....	VI
Zona censurada .....	ZV
Zona concentrada non reflectida na ortofoto (*)	ZC
Zona urbana .....	ZU

(\*) Este uso poderase utilizar cando nunha zona dun termo municipal exista unha concentración parcelaria e non se poida contar cunha ortofoto actualizada que reflecta a dita concentración.

## XEFATURA DO ESTADO

**5691** *LEI 3/2006, do 29 de marzo, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, para adecuar a aplicación da regra de pro rata á Sexta Directiva europea.* («BOE» 76, do 30-3-2006.)

JUAN CARLOS I  
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, supón a transposición ao noso dereito interno das previsións contidas na Directiva 77/388/CEE do 17 de maio de 1977, Sexta Directiva do Consello en materia de harmonización das lexislacións dos Estados membros relativas aos impostos sobre volume de negocios.

A Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou os artigos 102, 104 e 106 da Lei do imposto sobre o valor engadido. Como consecuencia desta modificación, a partir do 1 de xaneiro de 1998 a percepción de subvencións que non formasen parte da base imponible deste imposto implicaba unha limitación no dereito á dedución para os empresarios ou profesionais. O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, na súa Sentenza do 6 de outubro de 2005, ditada no asunto C-204/03, a Comisión contra o Reino de España, declarou que as previsións contidas nos artigos 102, 104 e 106, na súa versión modificada pola Lei 66/1997, non eran conformes coa Sexta Directiva, o que obriga a modificar estes preceptos. Segundo se sinala na sentenza, unicamente cabe a inclusión das subvencións non vinculadas ao prezo das operacións no denominador da pro rata cando os empresarios ou profesionais que as perci-

ban estean obrigados á súa aplicación por realizar operacións que xeran o dereito á dedución xunto con outras que non o xeran. Esta é a facultade que teñen os Estados membros de acordo co artigo 19 da Sexta Directiva, segundo interpreta o Tribunal de Xustiza.

A pesar do anterior, non se considera razoable o mantemento desta restrición nos termos en que se formulou. Polo contrario, enténdese preferible a eliminación de toda restrición no dereito á dedución como consecuencia da percepción de subvencións non vinculadas ao prezo das operacións, evitando desta maneira que a realización de operacións limitativas do dereito á dedución poida traer como consecuencia unha limitación desproporcionada neste dereito ao incluír estas subvencións no denominador da pro rata, cando a falta destas operacións non cabe a citada inclusión.

Para levar a cabo estes cambios, modifícanse os artigos 102, 104 e 106 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Igualmente, e co obxecto de dar coherencia a outros preceptos da mesma lei, modifícanse os artigos 20.Dous, 112.Dous e 123.Un A) e C) desta lei.

Así mesmo, aínda que a sentenza de que traen causa as modificacións que se realizan non é aplicable nas Illas Canarias, ao ser este un territorio excluído do ámbito de harmonización dos impostos sobre o volume de vendas, considérase conveniente introducir no imposto xeral indirecto canario as mesmas modificacións introducidas no imposto sobre o valor engadido, dando nova redacción aos preceptos da Lei 20/1991, do 7 de xuño, reguladora daquel, que inciden sobre este particular.

**Artigo único.** *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Un. Dáse nova redacción ao artigo 20.Dous, que queda redactado como segue:

«Dous. As exencións relativas aos números 20.º, 21.º e 22.º do punto anterior poderán ser obxecto de renuncia polo suxeito pasivo, na forma e cos requisitos que se determinen regulamentariamente, cando o adquirente sexa un suxeito pasivo que actúe no exercicio das súas actividades empresariais ou profesionais e, en función do seu destino previsible, teña dereito á dedución total do imposto soportado polas correspondentes adquisicións.

Entenderase que o adquirente ten dereito á dedución total cando a porcentaxe de dedución provisionalmente aplicable no ano en que se deba soportar o imposto permita a súa dedución íntegra, incluso no suposto de cotas soportadas con anterioridade ao comezo da realización de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a actividades empresariais ou profesionais.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 102.Un, que queda redactado como segue:

«Un. A regra de pro rata será de aplicación cando o suxeito pasivo, no exercicio da súa actividade empresarial ou profesional, efectúe conxuntamente entregas de bens ou prestacións de servizos que orixinen o dereito á dedución e outras operacións de análoga natureza que non habiliten para o exercicio do citado dereito.»

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 104.Dous.2.º, que queda redactado como segue:

«2.º No denominador, o importe total, determinado para o mesmo período de tempo, das entregas de bens e prestacións de servizos realizados polo suxeito pasivo no desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional ou, se é o caso, no

sector diferenciado que corresponda, incluídas aquelas que non orixinen o dereito a deducir.

Nas operacións de cesión de divisas, billetes de banco e moedas que sexan medios legais de pagamento, exentas do imposto, o importe que se computará no denominador será o da contraprestación da revenda destes medios de pagamento, incrementado, se é o caso, no das comisións percibidas e minorado no prezo de adquisición delas ou, se este non se puidese determinar, no prezo doutras divisas, billetes ou moedas da mesma natureza adquiridas en igual data.

Nas operacións de cesión de obrigas de pagamento e valores non integrados na carteira das entidades financeiras, o importe que se computará no denominador será o da contraprestación da revenda destes efectos incrementado, se é o caso, no dos xuros e comisións exixibles e minorado no prezo de adquisición destes.

Tratándose de valores integrados na carteira das entidades financeiras deberanse computar no denominador da pro rata os xuros exixibles durante o período de tempo que corresponda e, nos casos de transmisión dos referidos valores, as plusvalías obtidas.

A pro rata de dedución resultante da aplicación dos criterios anteriores redondearase na unidade superior.»

Catro. Dáse nova redacción ao artigo 106.Un, que queda redactado como segue:

«Un. O exercicio do dereito a deducir na pro rata especial axustarase ás seguintes regras:

1.<sup>a</sup> As cotas impositivas soportadas na adquisición ou importación de bens ou servizos utilizados exclusivamente na realización de operacións que orixinen o dereito á dedución poderán deducirse integramente.

2.<sup>a</sup> As cotas impositivas soportadas na adquisición ou importación de bens ou servizos utilizados exclusivamente na realización de operacións que non orixinen o dereito a deducir non poderán ser obxecto de dedución.

3.<sup>a</sup> As cotas impositivas soportadas na adquisición ou importación de bens ou servizos utilizados só en parte na realización de operacións que orixinen o dereito á dedución poderán ser deducidas na proporción resultante de aplicarlle ao seu importe global a porcentaxe a que se refire o artigo 104, puntos dous e seguintes.

A aplicación desta porcentaxe axustarase ás normas de procedemento establecidas no artigo 105 desta lei.»

Cinco. Dáse nova redacción ao artigo 112.Dous, que queda redactado como segue:

«Dous. A porcentaxe definitiva a que se refire o punto anterior determinarase segundo o disposto no artigo 104 desta lei, computando para o efecto o conxunto das operacións realizadas durante o período a que se refire o citado punto.»

Seis. Dáse nova redacción ao artigo 123.Un.A), que queda redactado como segue:

«A) Os empresarios ou profesionais acollidos ao réxime simplificado determinarán, para cada actividade a que resulte aplicable este réxime especial, o importe das cotas devengadas en concepto de imposto sobre o valor engadido e da recarga de equivalencia, en virtude dos índices, módulos e demais parámetros, así como do procedemento que estableza o ministro de Economía e Facenda.

Do importe das cotas devengadas indicado no parágrafo anterior, poderase deducir o importe das cotas soportadas ou satisfeitas por operacións correntes relativas a bens ou servizos afectados á actividade pola que o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, de conformidade co previsto no capítulo I do título VIII desta lei. Non obstante, a súa dedución axustarase ás seguintes regras:

a) Non serán deducibles as cotas soportadas polos servizos de desprazamento ou viaxes, hostalaría e restauración no suposto de empresarios ou profesionais que desenvolvan a súa actividade en local determinado. Para estes efectos, considerarase local determinado calquera edificación, excluindo os almacéns, aparcadoiros ou depósitos cerrados ao público.

b) As cotas soportadas ou satisfeitas só serán deducibles na declaración-liquidación correspondente ao último período impositivo do ano en que se deban entender soportadas ou satisfeitas, polo que, con independencia do réxime de tributación aplicable en anos sucesivos, non procederá a súa dedución nun período impositivo posterior.

c) Cando se realicen adquisicións ou importacións de bens e servizos para a súa utilización en común en varias actividades polas que o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, a cota que se deducirá en cada unha delas será a que resulte do rateo en función da súa utilización efectiva. Se non fose posible aplicar este procedemento, imputaranse por partes iguais a cada unha das actividades.

d) Poderanse deducir as compensacións agrícolas a que se refire o artigo 130 desta lei, satisfeitas polos empresarios ou profesionais pola adquisición de bens ou servizos a empresarios acollidos ao réxime especial da agricultura, gandaría e pesca.

e) Adicionalmente, os empresarios ou profesionais terán dereito, en relación coas actividades polas que estean acollidos a este réxime especial, a deducir o 1 por cento do importe da cota devengada a que se refire o parágrafo primeiro deste punto, en concepto de cotas soportadas de difícil xustificación.»

Sete. Dáse nova redacción ao artigo 123.Un.C), que queda redactado como segue:

«C) Do resultado das dúas letras anteriores deducirase o importe das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de activos fixos, considerándose como tales os elementos do inmovilizado e, en particular, aqueles de que se dispoña en virtude de contratos de arrendamento financeiro con opción de compra, tanto se esta opción é vinculante, como se non o é.

O exercicio deste dereito á dedución efectuarase nos termos que regulamentariamente se establezan.»

**Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.**

Un. Dáse nova redacción ao artigo 35, que queda redactado como segue:

«A regra de pro rata será de aplicación cando o suxeito pasivo, no exercicio da súa actividade empresarial ou profesional, efectúe conxuntamente entregas de bens ou prestacións de servizos que

orixinen o dereito á dedución e outras operacións de análoga natureza que non habiliten para o exercicio do citado dereito.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 37.2.2.º, que queda redactado como segue:

«2.º No denominador, o importe total, determinado para o mesmo período de tempo, das entregas de bens e prestacións de servizos realizadas polo suxeito pasivo no desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional ou, se é o caso, no sector diferenciado que corresponda, incluídas aquelas que non orixinen o dereito a deducir.

Son operacións que non orixinan o dereito a deducir, para efectos da súa inclusión no denominador da pro rata, as operacións relacionadas no artigo 10.1 desta lei realizadas polo suxeito pasivo dentro ou fóra de Canarias, coa excepción prevista no seu artigo 29.4.1.º e), así como as operacións non suxeitas a que se refiren os números 8.º, 9.º e 10.º do artigo 9 desta lei.

Nas operacións de cesión de divisas, billetes de banco e moedas que sexan medios legais de pagamento, exentas do imposto, o importe que se computará no denominador será o da contraprestación da revenda dos ditos medios de pagamento, incrementado, se é o caso, no das comisións percibidas e minorado no seu prezo de adquisición ou, se este non se puidese determinar, no prezo doutras divisas, billetes ou moedas da mesma natureza adquiridas na mesma data.

Nas operacións de cesión de obrigas de pagamento e valores non integrados na carteira das entidades financeiras, o importe que se computará no denominador será o da contraprestación da revenda dos ditos efectos incrementado, se é o caso, no dos xuros e comisións exixibles e minorado no seu prezo de adquisición.

Tratándose de valores integrados na carteira das entidades financeiras deberanse computar no denominador da pro rata os xuros exixibles durante o período de tempo que corresponda e, nos casos de transmisión dos referidos valores, as plusvalías obtidas.

A pro rata de dedución resultante da aplicación dos criterios anteriores redondearase na unidade superior.»

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 39, que queda redactado como segue:

«O exercicio do dereito a deducir na pro rata especial axustarase ás seguintes regras:

1. As cotas impositivas soportadas na adquisición ou importación de bens ou servizos utilizados exclusivamente na realización de operacións que orixinen o dereito á dedución poderán deducirse integramente.

2. As cotas impositivas soportadas na adquisición ou importación de bens ou servizos utilizados exclusivamente na realización de operacións que non orixinen o dereito a deducir non poderán ser obxecto de dedución.

3. As cotas impositivas soportadas na adquisición ou importación de bens ou servizos utilizados só en parte na realización de operacións que orixinen o dereito á dedución, poderán ser deducidas na proporción resultante de aplicar ao seu importe global a porcentaxe da pro rata xeral regulada nesta lei.»

Catro. Dáse nova redacción ao artigo 43.8, que queda redactado como segue:

«8. A porcentaxe definitiva a que se refire o número anterior determinarase segundo o disposto no artigo 37 desta lei, computando para o efecto o conxunto das operacións realizadas durante o período a que se refire o número 6 deste artigo.»

Cinco. Dáse nova redacción ao artigo 50.1. A), que queda redactado como segue:

«A) Os suxeitos pasivos acollidos ao réxime simplificado determinarán, con referencia a cada actividade a que resulte aplicable este réxime especial, o importe das cotas devengadas en concepto de imposto xeral indirecto canario, en virtude dos índices, módulos e demais parámetros, así como do procedemento que estableza a consellería competente en materia de Facenda do Goberno Autónomo de Canarias.

Do importe das cotas devengadas indicado no parágrafo anterior poderase deducir o importe das cotas soportadas ou satisfeitas por operacións correntes relativas a bens ou servizos afectados á actividade pola cal o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, de conformidade co previsto no capítulo primeiro do título II do libro primeiro desta lei. Non obstante, a súa dedución axustarase ás seguintes regras:

a) Non serán deducibles as cotas soportadas polos servizos de desprazamento ou viaxes, hostalaría e restauración no suposto de empresarios ou profesionais que desenvolvan a súa actividade en local determinado. Para estes efectos, considerarase local determinado calquera edificación, excluindo os almacéns, aparcadoiros ou depósitos cerrados ao público.

b) As cotas soportadas ou satisfeitas só serán deducibles na declaración-liquidación correspondente ao último período impositivo do ano en que se deban entender soportadas ou satisfeitas, polo que, con independencia do réxime de tributación aplicable en anos sucesivos, non procederá a súa dedución nun período impositivo posterior.

c) Cando se realicen adquisicións ou importacións de bens e servizos para a súa utilización en común en varias actividades polas cales o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, a cota que se deducirá en cada unha delas será a que resulte do rateo en función da súa utilización efectiva. Se non fose posible aplicar este procedemento, imputaranse por partes iguais a cada unha das actividades.

d) Poderanse deducir as compensacións agrícolas a que se refire o artigo 57 desta lei, satisfeitas polos empresarios ou profesionais pola adquisición de bens ou servizos a empresarios acollidos ao réxime especial da agricultura e gandaría.

e) Adicionalmente, os empresarios ou profesionais terán dereito, en relación coas actividades polas que estean acollidos a este réxime especial, a deducir o 1 por cento do importe da cota devengada a que se refire o parágrafo primeiro deste punto, en concepto de cotas soportadas de difícil xustificación.

f) A consellería competente en materia de Facenda do Goberno Autónomo de Canarias poderá establecer unha cota mínima en función das cotas devengadas, de forma que a diferenza entre as ditas cotas devengadas e as cotas deducibles non poida ser inferior á citada cota mínima.»

Seis. Dáse nova redacción ao artigo 50.1.C), que queda redactado como segue:

«C) Do resultado das dúas letras anteriores deducirase o importe das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de activos fixos, considerándose como tales os elementos do inmovilizado e, en particular, aqueles dos que se dispoña en virtude de contratos de arrendamento financeiro con opción de compra, tanto se a dita opción é vinculante, como se non o é.

O exercicio deste dereito á dedución efectuarase nos termos que regulamentariamente se establezan.»

#### **Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2006.  
Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**5692** *LEI 4/2006, do 29 de marzo, de adaptación do réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe ás novas directrices comunitarias sobre axudas de Estado ao transporte marítimo e de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias. («BOE» 74, do 28-3-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

I

A Comunicación C(2004)43, do 13 de xaneiro de 2004, da Comisión Europea, relativa ás novas directrices comunitarias sobre axudas de Estado ao transporte marítimo, empra os gobernos dos estados membros a que, antes do 30 de xuño de 2005, modifiquen os seus réximes de axudas ao transporte marítimo para adaptalos aos criterios fixados nelas.

Despois de analizar a normativa española en materia de axudas de Estado ao transporte marítimo, concretamente o réxime de entidades navieiras en función da tonelaxe, recollida no capítulo XVII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, e de comparala coas novas directrices, o Goberno español confirmou á Comisión a aceptación das propostas de modificar a súa lexislación antes do 30 de xuño de 2005, introducindo os cambios necesarios para que as axudas de Estado ao transporte marítimo en España sexan conformes con aquelas. Estas modificacións concréntanse nos seguintes asuntos:

Extensión do mencionado réxime ás entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación dos buques incluídos no réxime especial.

Permítese a aplicación do réxime aos buques de remolque que realicen actividade de transporte marítimo, entendéndose como tal cando menos do 50 por cento dos ingresos da actividade de remolque realizada durante o período impositivo procedan da actividade realizada en portos ou da prestación de axuda a buques autopropulsados para chegar a porto.

Amplíase tamén o réxime ás dragas que realicen actividade de transporte marítimo, entendéndose que existe tal cando, durante o período impositivo, máis do 50 por cento dos ingresos da actividade sexa o depósito no fondo do mar dos materiais extraídos. Neste caso, a aplicación do réxime especial queda limitado a esta parte de actividade de transporte.

Exíxese que os buques con actividade de remolque e de dragaxe que se inclúan no réxime especial deban estar rexistrados en España ou noutro Estado membro da Unión Europea.

Permíteselles aos interesados que poidan incluír nas súas solicitudes buques non rexistrados en España ou noutro Estado da Unión Europea, sempre que manteñan ou incrementen a porcentaxe de tonelaxe neta baixo rexistro comunitario respecto da tonelaxe total de buques da entidade acollidos a este réxime especial.

O incumprimento desta última condición suporá a exclusión do réxime especial daqueles buques que motivasen este incumprimento, salvo que a entidade explote ao menos o 60 por cento da súa tonelaxe neta baixo rexistro comunitario.

Por outra parte, o actual réxime de entidades navieiras en función da tonelaxe foi autorizado pola Comisión Europea na súa Decisión do 27 de febreiro de 2002. Ulteriormente, o Goberno español, mediante Carta do 17 de novembro de 2003, presentou unha proposta de modificación relativa á inclusión no réxime dos servizos prestados ao buque adscrito ao réxime (practicaxe, remolque, amarre e desamarre), así como aos servizos relacionados coa carga do buque (carga e descarga, estiba e desestiba). A Comisión aprobou a proposta de modificación na súa Comunicación C(2004)1931/2, do 28 de maio de 2004, polo cal tales actividades quedan incluídas na explotación de buques propios ou arrendados.

Por último, a citada Comunicación C(2004)43, no número 3.2, «Custos salariais», establece que os Estados membros autoricen diversas reducións dos custos e cargas ligadas ao emprego de mariños comunitarios nos buques matriculados neles, até alcanzar niveis acordados cos estándares mundiais. A propia directriz indica que no caso dos buques que presten servizos regulares de pasaxeiros entre portos da Comunidade soamente se considerarán, para efectos das medidas aquí establecidas, como «mariños comunitarios» os nacionais da Comunidade e dos Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Para adaptar o noso ordenamento a esta directriz introdúcense as modificacións necesarias na Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias. Canto á bonificación nas cotizacións á Seguridade Social, xa vixente no marco do réxime económico e fiscal das Canarias, esta lei especifica a obriga do Estado de efectuar a achega correspondente ao orzamento da Seguridade Social.

II

A Comisión Europea adoptou o pasado 7 de xullo de 2004 unhas novas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (Comunicación 2004/C 244/02), polas cales se empra os Estados membros a adaptaren todos os réxi-